


PEZA DO MES

novembro

2021



PEDRA DE TOQUE
CASTRO DE SAN CIBRAO DE LAS



SAN CIBRAO DE LAS

Pedra de toque. Castro de San Cibrao de Las

Nos museos arqueolóxicos consérvanse e expóñense obxectos que en ocasións, co paso dos anos, acaban cunha nova valoración en canto a funcionalidade ou significación. E esta relectura, este avance interpretativo, prodúcese pola revisión permanente das coleccións que atesouran, á luz dos traballos de investigación e publicacións máis recentes, que recollen tanto novos achados semellantes, como innovadoras explicacións froito dos avances proporcionados polas novas tecnoloxías e analíticas que no momento do achado non existían. De aí, a importancia da correcta organización e documentación dos materiais e os seus contextos nas coleccións, así como da posta ao día permanente dos que traballamos en museos sobre as novidades bibliográficas en relación coas disciplinas propias.

Este é o caso da presente peza, que estivo exposta durante anos no museo arqueolóxico ourensán, identificada baixo a denominación ampla e xeral de «colgante», da que se sospeitaba unha función como colgante-amuleto. A relectura actual condúcenos a interpretala como unha pedra de toque, un utensilio indispensable na determinación da pureza e consecuente valoración do ouro e a prata, nativas ou elaboradas, por parte dos ourives e comerciantes de metais en toda época.

O seu uso era ben simple: frotar unha esquina do material metálico contra a pedra –polo que se escollían pedras escuras de grao moi fino e denso, tanto para erosionar pouco o metal como para ter un contraste de coloración claro– e comparalo con outras marcas que deixaría un metal de lei ou composición coñecida.

Estas pedras, normalmente planas e de pequeno tamaño, serían constantemente usadas e reutilizadas polos ourives, polo que adoitan presentar buratiños para transportalas como colgantes, se cadra tamén, como signo externo da ocupación de quen o levaba.

Por sinxelo, e por tratarse dun procedemento de análise visual, rápido e non destrutivo, o método do toque é ben antigo e está presente en todas as culturas clásicas, manténdose na actualidade, perfeccionado mediante o uso de reactivos químicos sobre as marcas e estándares de referencia. As mencións máis recuadas en occidente son do poeta grego Theognis de Megara, no século VI a. C., quen fai alusións simbólicas ás pedras de toque, cun sentido que se mantén no aspecto metafórico actual para aludirmos a algo que permita comprobar o valor real dalgunha cousa inmaterial da que se dubida ou manifestar a verdadeira importancia de algo ou alguén.

No século IV a. C., o botánico e difusor científico grego Teofrasto menciónaaas no seu tratado «*Περὶ λίθων*» –*De lapidibus*, en latín–, e Plinio o Vello, no século I d. C. dedícalle na súa *Naturalis historia*, no libro XXXIII, *Tratado dos metais*, o capítulo 43 á *Pedra de toque do ouro*. Tamén nas antigas culturas da India e de Exipto aparece ben documentado o seu uso.

Como tema moi sensible polas súas connotacións económicas, a descrición do uso das pedras de toque explícase con detalle en varios dos manuais europeos sobre mineraloxía e metalurxia do século XVI, como *De re metallica* (1556) do alemán Georg Bauer, máis coñecido pola versión latina do seu nome, Georgius Agricola, considerado o fundador da mineraloxía moderna. En España, destaca o *Quilador de la plata oro y piedras* (1572) de Juan de Arfe, da coñecida familia de prateiros leoneses.

Arfe define con suma simplicidade a pedra de toque dicindo «Es una piedra negra». Efectivamente, a composición non ten en si importancia; só que sexa pedra de grao fino e escura. Tratábase de minimizar o ouro perdido na marca, e establecer o máximo contraste cromático sobre ese fondo neutro.

No mundo da arqueoloxía contemporánea, os estudos do checo Martin Ježek, especialmente desde a publicación en inglés da súa monografía *Archaeology of touchstones* (2017), son claves na apertura desas novas interpretacións e a identificación como pedras de toque de moitas das que figuran nos museos europeos como pedras de afiar –centos de miles, sinala–, especialmente daquelas aparecidas en contextos funerarios. Os seus estudos, que van desde a prehistoria ao mundo medieval, son moi precisos en canto á utilización de técnicas de microanálises químicas sobre os restos das trazas metálicas nas



CASTROMAO

pedras de toque, algo que, obviamente, excede nunha nota como a presente. Simplemente sinalaremos que a especialista en arqueometalurxia e ouros, a profesora Alicia Perea, propón, no ano 2018 nun artigo no que dá a coñecer o traballo de Ježek (Recensión en *Trabajos de Prehistoria*, 75, pax. 382-383), reservar o nome de «pedras de toque» exclusivamente para as destinadas ao ensaio de ouro e prata, deixando para todas as demais (cobre, estaño, chumbo, mercurio...) o nome xenérico de «pedras para ensayar metales».

No noso contexto, as publicacións do arqueólogo asturiano especialista en castrexo e ourivería, Ángel Villa Valdés, sobre os materiais do castro de Chao Samartín en Grandas de Salime (Asturias), pero especialmente o *Catálogo* do museo do xacemento (2009) puxéronnos na pista interpretativa da peza que hoxe presentamos, procedente do Castro de San Cibrao de Las.

A información de que dispúñamos naquela altura, xunto coas fotografías correspondentes, foron enviadas ao profesor Villa Valdés, quen incluíu a presente peza no seu artigo «Piedras de toque en castros de Galicia y Asturias», publicado nos *Cuadernos de Prehistoria y Arqueología de la Universidad Autónoma de Madrid*, 4, 2020. pax 191-200. Neste completo estudo recóllese información sobre once pedras de toque correspondentes a territorio galego (Borneiro –2 pezas–, Elviña, Castromaior en Portomarín, Monte do Castro de Ribadumia e San Cibrao de Las) e asturiano (Chao Samartín –2 pezas–, Mohías, Llagú e Moriyón).

Revisando a documentación que garda o museo sobre San Cibrao de Las, sabemos hoxe que a peza foi achada na campaña de escavación do ano 1992, dirixida polo arqueólogo Celso Rodríguez Cao. A sigla de rexistro (LAS.8.25.B.16) indícanos a súa situación

na zona de edificacións que se encontran á esquerda da porta oeste da segunda muralla, constando que apareceu no nivel I, de terra marrón escura, e pegada ao lado do muro da construción máis a sur.

Seguimos, traducida, a descrición da peza que fai Villa Valdés no seu artigo: «Presenta un volume paralelepípedo e perímetro subrectangular nas súas dúas principais facetas. Estas son delimitadas por tres marcados e grosos cantos de superficie convexa e lixeira curvatura no lado curto. O raiado é denso en todas as superficies incluídas as súas caras distal e laterais. A lonxitude total é de 44 mm, cunha largura de 24 mm e un grosor máximo de 13 mm. No talón, corto e grosso, advírtese o rebaixe bifacial aínda que desigual, con perforación única para o engarce do grillón metálico».

O autor deduce o sistema de engarce polos rebaixes na zona da perforación e por analoxía coa pedra de toque do Monte do Castro ou Castro de Besomaño en Ribadumia, única das referidas que conserva o remate metálico de suspensión.

Foi elaborada mediante pulimento a partir dunha lousa negra, densa e de grao fino, unha rocha de tipo metamórfico e orixe sedimentaria cuxa procedencia é difícil de determinar, e que é similar ás lousas de tipo Luarca en Asturias ou as coñecidas como lousas negras de Nogueira, no Iríxo (Ourense).*

Curiosamente, nin nas escavacións antigas nin nas recentes do Castro de San Cibrao de Las apareceu de momento ningún resto áureo ou arxénteo, nin molde que nos leve a certificar unha actividade de ourivería estable ou ocasional no xacemento.

A datación da peza, conforme o lugar de aparición e os paralelos, debería estar entre os séculos I a. C e I d. C.

Entre os numerosos fondos arqueolóxicos almacenados, identificamos recentemente un fragmento de cuarcita procedente de Castromao, das escavacións levadas a cabo por García Rollán en 1966, que presenta similares características e tamén un intenso raiado en todas as súas caras, do que deducimos que puido ter sido utilizada tamén como pedra de toque. Daquela, rematamos como empezamos, sinalando a necesidade de continuar co traballo cotiá de revisión permanente dos fondos e de investigación sobre os materiais propios, unha das funcións que distingue os museos dos meros espazos expositivos.

*Agradecemos a información sobre o material da peza ao profesor de Xeoloxía da Universidade de Vigo, J. R. Seara Valero.



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓXICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL

MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o Pazo do Bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha cuidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao Barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do exconvento do mesmo nome, onde están o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 788 417

O horario de visita:

martes a sábado: 9.00 a 21.00 h ininterrompido

domingo: 9.00 a 15.00 h

pechado luns e festivos oficiais

Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xílgaros s/n (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 788 439

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.00 ás 14.00 h e das 16.30 ás 20.00 h

www.musarqourense.xunta.es

mapour@xunta.es

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueológico Provincial de Ourense

TEXTO: Belén Lorenzo Rumbao

ISSN: 1579-9956

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río Martínez

MAQUETA: Araceli Gallego Blanco